

**8. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS OU DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN**

- a) Data límite de presentación: 15 días naturais dende o día seguinte a última publicación deste anuncio no BOP e/ou no perfil do contratante.
- b) Documentación a presentar: A sinalada no Prego de condicións.
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Gondomar, entre as 09.00 e as 13.30 horas de luns a venres, e os sábados entre as 09.00 e 13.00 horas

**9. APERTURA DAS OFERTAS**

Según o establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación.

**10. CRITERIOS BASE PARA A ADXUDICACIÓN**

Os criterios que servirán de base para a adxudicación serán os establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

**11. GASTOS DE ANUNCIOS**

A conta do licitador que resulte adxudicatario.

**12. PÁXINA WEB ONDE FIGURAN AS INFORMACIÓNS RELATIVAS Á CONVOCATORIA**

[www.concellodegondomar.com](http://www.concellodegondomar.com)

Gondomar, a 23 de agosto de 2012.—O Alcalde-Presidente, Fernando Guitián Guitián. **2012008282**

\* \* \*

**A ILLA DE AROUSA****A N U N C I O**

Advertido un erro no anuncio publicado no BOP de Pontevedra número 170 de data 4 de setembro de 2012, publícase o mesmo para advertir que onde pon “dictaminou favorablemente a aprobación da Conta Xeral do Concello e da Fundación Deportiva Municipal do exercicio 2010”, debe figurar “dictaminou favorablemente a aprobación da Conta Xeral do Concello e da Fundación Deportiva Municipal do exercicio 2011”.

Na Illa de Arousa, a 4 de setembro de 2012.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. **2012008383**

\* \* \*

**MARÍN****A N U N C I O**

Non producíndose reclamacións á ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DA VILA DE MARÍN, e considerándose aprobada definitivamente, publícase no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro do memo en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

- I. En desenvolvemento dos convenios asinados entre o Ministerio de Vivenda, a Xunta de Galicia e o Concello de Marín, regúlanse nesta ordenanza os criterios e procedementos que compre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integral da Vila de Marín.



- II. Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de vivendas e edificios e os seus elementos comúns. Con eles téntase estimular a rehabilitación do núcleo histórico, tanto na súa dimensión física como na súa necesaria revitalización social, económica e cultural. Estas axudas económicas veñen a resolver unha demanda xeneralizada da poboación afectada para a creación da Oficina Municipal de Rehabilitación de Vivenda do Concello de Marín que desenvolverá os programas de vivenda postos en marcha polo Ministerio de Fomento abeirados no Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012 para os obxectivos 2011 e seguintes e os programas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- III. Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmóbeis que se atopen situados dentro da Área de Rehabilitación Integral da Vila de Marín e sexan conformes ás condicións e limitacións establecidas normativamente. As solicitudes de intervención e as contías máximas das subvencións establécense procurando desincentivar o baleirado dos edificios e favorecer a instalación de usos permitidos nas plantas baixas, a conservación, mellora da habitabilidade ou aumento do número de vivendas, a adecuación a casos de mobilidade reducida, accesibilidade e eficiencia enerxética.
- IV. Por outra banda, para garantir a efectiva revitalización dos usos residenciais e contribuír á súa diversificación funcional, a ordenanza esixe o compromiso formal de habitar as vivendas rehabilitadas, xunto á presentación do resto da documentación alí prevista.
- V. Na redacción desta ordenanza tívose en conta o disposto no R.D. 2066/2008 de 12 de decembro (BOE nº 309 de 24 de decembro) para o período 2009-2012, o D. 402/2009 de 22 de outubro (DOG nº 217 de 5 de novembro) e a Resolución do 3 de xullo de 2009 da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda (BOE nº 174 de 20 de xullo).
- VI. A vila de Marín conta co Proxecto Arela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional da Unión Europea e a rehabilitación de edificios e vivendas encádrase dentro deste proxecto coa intervención dos organismos competentes en materia de Vivenda.

## **CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS**

### *ARTIGO 1. OBXECTO*

- 1 Esta ordenanza regula o desenvolvemento e execución dos convenios subscritos entre a Xunta de Galicia e o Concello de Marín en materia de actuacións na Área de Rehabilitación Integral (ARI) da vila de Marín, dentro do marco establecido polo R.D. 2066/2008 de 12 de decembro, polo que se aproba o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, e Convenio de colaboración subscrito entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia para aplicación do Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, publicado en data 20 de xullo no BOE nº 174, segundo a Resolución do 3 de xullo da Subsecretaría do Ministerio.
- 2 Ademais, esta ordenanza será de aplicación ao desenvolvemento dos convenios que se subscriban entre a Xunta de Galicia e o Concello de Marín no marco do Plan de vivenda.

### *ARTIGO 2. PRINCIPIOS XERAIS*

A xestión das subvencións reguladas nesta ordenanza realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e rexerese polas seguintes normas:

1. Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
2. Pola Lei 38/2003 xeral de subvencións e polo R.D. 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e normas concordantes.



3. Pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos aspectos non previstos nas anteriores normas.
4. Polo R. D. 2066/2008 de 12 de decembro, polo que se aproba o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.
5. Polo D. 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no R. D. 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012.
6. A resolución de 3 de julio de 2009, de ls Subsecretaría, por la que se publica el Convenio de colaboración, entre o Ministerio de Vivienda y la Comunidad Autónoma de Galicia, para aplicación del Plan Estatal de Vivienda y Rehabilitación 2009-2012.
7. Pola Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia.
8. Polas bases de execución dos orzamentos do Concello de Marín.
9. Polas presentes normas.

#### *ARTIGO 3. CARÁCTER DAS AXUDAS*

As axudas previstas nestas Normas terán o carácter de subvención a fondo perdido e serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva con convocatoria aberta.

#### *ARTIGO 4. ÁMBITO TERRITORIAL*

O ámbito territorial desta ordenanza é:

- a) Área de Rehabilitación Integral (ARI) da Vila de Marín, declarada Área de Rehabilitación polo conselleiro da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas o 07/07/2011 dunha superficie de 76.049,3 m<sup>2</sup> dentro do casco urbano de Marín.
- b) Poderán establecerse novos ámbitos de aplicación a outras áreas de rehabilitación, logo de se aprobaren polo procedemento establecido para o efecto.

#### *ARTIGO 5. TIPOS DE ACTUACIÓN*

As disposicións desta ordenanza serán de aplicación ás seguintes actuacións:

Rehabilitación en edificios con uso residencial

- a) Rehabilitación de vivendas e actuacións para o acaecemento das condicións de habitabilidade, de seguridade, accesibilidade e eficiencia enerxética das vivendas en edificios residenciais. As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas á accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalación doutros servizos de carácter xeral.
- b) Rehabilitación de edificios completos
- c) Actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora da seguridade, estanquidade, accesibilidade, eficiencia enerxética e emprego de enerxías renovábeis, así como de conservación dos elementos que demandasen os valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais. Dentro destas actuacións entenderanse ademais incluídas:
  - A instalación de ascensores.
  - As instalacións para a detección e prevención de incendios e habilitación de vías de evacuación.
  - A supresión de antenas individuais e instalación de antenas colectivas.
  - O acaecemento de accesos e circulación para uso de persoas con mobilidade reducida.
  - Reforzos estruturais, elementos singulares da edificación.

**ARTIGO 6. CARACTERÍSTICAS DAS AXUDAS ECONÓMICAS**

1. As axudas económicas abeiradas aos convenios asinados coa Xunta de Galicia citados no apartado 2 do artigo 1 desta ordenanza terán o carácter de subvención a fondo perdido e poderán acollerse a elas calquera das actuacións consignadas no seu artigo 5 das presentes.
2. As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos pola Oficina de Rehabilitación da Vivenda en Marín (Oficina de Rehabilitación).
3. Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o derrubamento total da edificación e os baleirados sen recuperación da estrutura orixinal salvo xustificación técnica suficientemente motivada.

**CAPÍTULO SEGUNDO. FINALIDADE DAS AXUDAS****ARTIGO 7. CONFORMIDADE CO PLANEAMENTO**

1. Os inmóbeis e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións da normativa aplicábel en cada momento.

**ARTIGO 8. CONDICIÓNS DOS INMÓBEIS**

1. Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaida funcionalidade da rede de saneamento e de rede de auga, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.
2. As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas a distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalacións doutros servizos de carácter xeral. Non se protexerán obras de acabados cuxa finalidade sexa puramente decorativa. En todo caso, as vivendas deberán localizarse en edificios que reúnan as condicións sinaladas no punto anterior.
3. Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade á realización da primeira visita técnica ao inmóbel por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
4. Os inmóbeis deberán ter unha antigüidade maior de 10 anos, agás cando se trate de adaptacións para uso de persoas con mobilidade reducida ou cando as obras sexan necesarias para adaptar as instalacións á normativa técnica aplicábel.

**ARTIGO 9. BENEFICIARIOS/AS**

1. Poderán ser beneficiarias/os das axudas para a rehabilitación de vivendas, edificios e elementos comúns, os/as propietarios/as, arrendatarios/as ou titulares dalgún dereito de uso sobre as vivendas, cando estas constitúan o seu domicilio habitual e permanente ou, trala rehabilitación, o uso sexa destinado a domicilio habitual, para uso propio ou para alugueiro. En todo caso os beneficiario/as das axudas terán que cumprir os requisitos fixados no artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
2. Tamén poderán solicitar as axudas os/as titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso de ocupalas eles mesmos, transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro título legalmente admisíbel, sempre que sexa como residencia habitual. Este compromiso terá que se cumprir antes de transcorridos seis meses desde que finalizasen as obras, e quedarán condicionadas as axudas á efectiva ocupación das vivendas no devandito prazo, que poderá ser prorrogado até un ano por solicitude da persoa interesada cando medie causa xusta.
3. As vivendas con axudas á rehabilitación deberán destinarse a domicilio habitual e permanente do/a seu/súa propietario/a, ou ao arrendamento polo menos durante 5 anos trala finalización das obras de rehabilitación (art.46 do R.D. 2066/2008).

**CAPÍTULO TERCEIRO. PROGRAMAS DE ACTUACIÓN***ARTIGO 10. CONTÍAS DAS AXUDAS*

1. Estabelécese unha subvención xeral do 70% do orzamento protexíbel para as actuacións de Rehabilitación.
2. Non poderán ser subvencionadas as actuacións para uso propio das unidades familiares que superen 6,5 veces o IPREM. (Art. 47 do R.D. 2066/2008 e Art. 45 do D. 402/2009).
3. En calquera caso, a contía máxima da subvención non poderá exceder de 10.000 euros na Vila de Marín.

*ARTIGO 11. ORZAMENTO PROTEXÍBEL*

1. Orzamento protexíbel será o resultante de aplicar os prezos unitarios da Base de datos da Construción de Galicia ao orzamento presentado. Excluíranse mobiliario, elementos decorativos, carpintarías de aluminio e forxados de formigón; agás informe favorábel da Oficina de Rehabilitación.
2. Por orzamento presentado entenderase o presuposto xeral máis o imposto sobre o valor engadido (IVE). O devandito orzamento será o resultado de lle adicionar ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.
3. Contía mínima do orzamento protexíbel por actuación: Só se considerarán actuacións protexíbeis aquelas que contén cun orzamento protexíbel superior a 1.000 euros por vivenda.(art 41 do D. 402/2009) sexa cal sexa a actuación.
4. Contía máxima de orzamento protexíbel por actuación:

Contía máxima do orzamento protexíbel por actuación será a aceptada polos técnicos adscritos ao programa e non pode superar os 90m<sup>2</sup> de superficie útil máxima por vivenda. (art. 48 do R.D. 2066/2008 e art. 41 do D. 402/2009) e aplicarase o Módulo Básico Estatal en vigor (MBE: art. 9 e Art. 70 do R.D. 2066/2008, Disposición adicional segunda).

- a) Cando a actuación supoña a modificación da superficie útil destinada a vivendas ou ao número destas, o orzamento protexíbel calcularase tendo en conta a superficie e o número de vivendas que resulte despois de realizadas as obras de rehabilitación consonte o seu proxecto.
- b) Cando da rehabilitación dos elementos comúns dos edificios se deriven necesariamente obras que afecten ás vivendas, poderá incluírse o seu custo no orzamento protexíbel da devandita actuación.
- c) Rehabilitación de edificios dunha soa vivenda -unifamiliares. Para os efectos desta ordenanza, enténdese por edificio dunha soa vivenda o inmóbel que alberga exclusivamente unha vivenda familiar con omisión de calquera outro tipo de uso, agás despacho profesional, pequeno taller integrado nela ou pequeno local con actividade comercial.

**CAPÍTULO CUARTO. REQUISITOS XERAIS***ARTIGO 12. REQUISITOS XERAIS*

Para os efectos de obter as axudas previstas na ordenanza será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

- 1º As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras ou orde de execución nas que se faga constar a descrición de todas as obras a executar.
- 2º A edificación ou vivenda deberá ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.



- 3º As obras que teñan por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

#### *ARTIGO 13. LÍMITES XERAIS DAS AXUDAS*

As axudas económicas previstas nesta ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicábel preveña e as que estean establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios. Isto é:

1. Nos inmóbeis se protexerán até 90m<sup>2</sup> de superficie útil máxima nas actuacións para uso propio.
2. Límite do 70% dos orzamentos protexidos
3. Non superar 6,5 do IPREM en vigor no conxunto da unidade familiar solicitante para uso propio, sendo este último límite sen efecto para as solicitudes de rehabilitación destinadas a alugueiro.

#### *ARTIGO 14. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS*

Estas axudas son compatíbeis con calquera outra, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desoutras axudas, sen que se poida superar, en ningún caso, o 100% do orzamento protexíbel.

### **CAPÍTULO QUINTO. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN**

#### *ARTIGO 15. NORMAS XERAIS*

1. A iniciación do procedemento realizarase mediante a aprobación da correspondente convocatoria que terá necesariamente o contido indicado no artigo 23.2 da Lei xeral de subvencións.
2. O procedemento realizarase mediante convocatoria aberta a través de resolucións anuais e conforme o establecido no artigo 59 do R.D. 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
3. A instrución do procedemento corresponderá á Oficina de Rehabilitación que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.
4. As propostas serán realizadas por unha Comisión Avaliadora que estará integrada pola técnico de administración xeral-xefa do servizo de urbanismo que a presidirá, o/a interventor/a, o/a secretario/a do Concello, un técnico/a do servizo de urbanismo, e o/a director/a da Oficina de Rehabilitación, que actuará como relator/a da Comisión. Os/as titulares poderán delegar noutra persoa ou persoas a condición de membro da Comisión. A delegación terá que vir precedida da proposta de delegación que será aceptada polo órgano competente para autorizar o gasto.
5. A resolución dos expedientes corresponderá ao órgano que teña a competencia para dispoñer o correspondente gasto, tras a proposta formulada pola Comisión Avaliadora. Dos expedientes resoltos darase conta á comisión informativa de urbanismo.
6. O beneficiario/a da subvención ven obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. O beneficiario/a da subvención ven obrigado a comunicar as circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.
8. O prazo para acordar a aprobación inicial da/s axuda/s será de cinco meses. Transcorrido o citado prazo sen que se notifique a resolución que poña fin ao expediente, o/a interesado/a poderá entender desestimada a petición para os pertinentes efectos.



9. Os/as solicitantes de axudas á rehabilitación de vivendas poden optar ao dereito de solicitar préstamo convenido sen subsidiación (art. 48, punto 5 do R.D. 2066/2008).

#### *ARTIGO 16. PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN*

1. As solicitudes de axuda para calquera dos programas de rehabilitación presentaranse en instancia normalizada que se facilitará nas dependencias da Oficina de Rehabilitación, por calquera dos medios establecidos no artigo 38 Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. Poderanse presentar durante os prazos de vixencia dos convenios asinados entre o Concello de Marín e a Xunta de Galicia, sempre que exista consignación orzamentaria para o efecto.
3. O/a petionario/a deberá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa á presentación da documentación técnica para a solicitude oficial das axudas. Alén diso, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas. A visita técnica será efectuada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación para comprobar o estado da edificación e asesorar o/a petionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmóbel.
4. Xunto coa solicitude oficial das axudas, presentarse toda a documentación necesaria establecida no artigo 17.
5. Realizada a visita de inspección e o informe técnico por parte da oficina de rehabilitación, o/a solicitante poderá:
  - a) No caso de obras menores: solicitar da Oficina de Rehabilitación a prestación dos servizos de redacción da documentación precisa para a obtención de licenza
  - b) No caso de obras maiores: precisará técnico externo, que redactará o proxecto para a obtención da licenza de obras e levará a dirección facultativa. Os técnicos da Oficina de rehabilitación porán a disposición a documentación da que contén, para facilitar a redacción do proxecto.
6. As axudas outorgaríanse de acordo cos seguintes criterios:
  - 1º.—Circunstancias sociais e económicas dos beneficiarios e nivel de ocupación do edificio.
  - 2º.—Interese arquitectónico do edificio conforme á súa protección ou catalogación.
  - 3º.—Estado de conservación da edificación.
  - 4º.—Antecedentes administrativos, en especial naqueles supostos en que exista requirimento por parte do Servizo de Urbanismo para a execución das obras.
  - 5º.—Antigüidade da solicitude.

#### *ARTIGO 17. SOLICITUDE OFICIAL DE AXUDA E DOCUMENTACIÓN*

Realizada a visita de inspección e obtida a licenza de obras correspondente, as solicitudes de axudas económicas presentaranse en impreso oficial normalizado, coa achega da seguinte documentación:

- 1.—Documentación relativa ao/á solicitante.
  - a) Fotocopia do DNI do/a solicitante e, de ser o caso, do seu representante formalmente nomeado.
  - b) Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal deberá achegarse certificación do/a secretario/a da comunidade de propietarios da acta da reunión na que se designou ao seu presidente/a e da acta na que se recolla o acordo de realización das obras. Se non existise comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os copropietarios coa realización das obras.
  - c) Documentación acreditativa dos ingresos e da composición familiar: será obrigada esta documentación para a tramitación de todas as axudas reguladas nesta Ordenanza, salvo que as vivendas sexan destinadas ao alugueiro.



- d) Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionábeis por esta ordenanza.
- e) A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e obrigas establecidas na presente Norma, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo Tesoureiro municipal que acredite que se encontran ao día nas súas obrigas fiscais do Concello). Deberase acreditar formalmente que os solicitantes non teñen débedas de carácter tributario coas administracións públicas (Facenda da Xunta de Galicia, Axencia Tributaria e Tesourería Xeral da Seguridade Social).

2.—Documentación acreditativa da titularidade do inmóbel.

- a) Nos supostos de propiedade ou dereito de uso: contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmóbel.
- b) Nos supostos de arrendamento, e ao marxe de que as obras sexan promovidas polo/a propietario/a ou polo/a inquilino/a, deberá achegarse, ademais do establecido no punto anterior, fotocopia do contrato de arrendamento e do convenio entre o/a propietario/a e o/a inquilino/a no que se faga constar as obras e a autorización do/a propietario/a para realizalas, cando tal autorización sexa legalmente esixíbel e, de ser o caso, a súa repercusión na renda contractual e nas demais condicións pactadas.

3.—Documentación relativa ao destino da vivenda.

- a) Cando o/a solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar, deberá achegar: certificado de empadramento ou compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente polo menos durante un período de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.
- b) Cando o/a solicitante non habite na vivenda para rehabilitar: compromiso escrito de destinar a vivenda a residencia familiar habitual e permanente de terceiras persoas no prazo máximo de seis meses e de manter a súa ocupación, cando menos, por cinco anos contados dende a aprobación definitiva das axudas, deberá achegarse, ademais do establecido anteriormente, fotocopia do contrato de arrendamento e copia do depósito da fianza no IGVS.

4.—Documentación relativa ás actuacións a realizar.

- a) Licenza das obras para as que se solicita axuda.
- b) Proxecto da obra.
- c) Orzamentos de execución de obra das empresas, dos técnicos e de ser o caso da dirección de seguridade.

**ARTIGO 18. APROBACIÓN INICIAL DAS AXUDAS**

- 1. Achegada a solicitude e a documentación complementaria que corresponda, e logo dos informes oportunos, o órgano que ostente a atribución para autorizar/ dispoñer o gasto, tras a proposta da Comisión Avaliadora, resolverá sobre a concesión inicial das axudas. Esta aprobación inicial terá a condición de acto de trámite necesario para a obtención das axudas.
- 2. Unha vez recibida a comunicación da aprobación inicial, o/a solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación; o cal deberá permanecer até o cobro total das axudas solicitadas.



*ARTIGO 19. CONTRATACIÓN DAS OBRAS*

1. Os/as solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.
2. Deberá constar na Oficina de Rehabilitación o orzamento de execución definitivo, asinado polas partes.

*ARTIGO 20. INICIO DAS OBRAS*

1. As obras deberán iniciarse no prazo máximo de dous meses a partir da notificación da aprobación inicial da subvención dentro do prazo máximo de seis meses dende o outorgamento da preceptiva licenza. O devandito prazo poderá prorrogarse polo mesmo prazo, logo de solicitude xustificada. Transcorrido este período sen que comezasen as obras, arquivarase o expediente tras trámite de audiencia ao/á interesado/a.
2. O/a solicitante promotor das obras comunicarlle formalmente á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das obras.
3. O/a solicitante ten a obriga de manter colocado o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación durante a execución das obras e até o cobro total das axudas solicitadas.

*ARTIGO 21. EXECUCIÓN DAS OBRAS*

1. As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de concesión inicial das axudas. Este prazo poderá ser prorrogado por proposta da Oficina de Rehabilitación, se así o demanda o/a promotor/a solicitante das axudas e media causa xustificada. A prórroga só se concederá unha vez e non poderá exceder da metade do tempo prescrito para o prazo orixinal.
2. A interrupción das obras por un prazo superior aos tres meses sen causa xustificada producirá a caducidade das axudas inicialmente concedidas.
3. As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas pola Oficina de Rehabilitación que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza.
4. A Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo o caso, supervisar de oficio as obras sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.
5. Coa finalidade de garantir o axeitado seguimento das actuacións, a solución de posíbeis incidencias e a coordinación entre o solicitante das axudas, a Oficina de Rehabilitación e as empresas executoras das obras, nomearase un representante único encargado da coordinación coa Oficina de rehabilitación.

*ARTIGO 22. REMATE DAS OBRAS*

1. O/a solicitante das axudas á rehabilitación deberá comunicar á Oficina de Rehabilitación a data de remate das obras.
2. Finalizadas as obras tramitarase a aprobación definitiva da axuda logo da presentación do final de obra redactado polo técnico competente. Deberá achegar a documentación redactada polo seu técnico director e as facturas correspondentes, co fin de que os servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación redacten o correspondente informe no que se fará constar, cando menos, as datas de inicio e finalización das obras e o seu custo final, así como o cumprimento das condicións ás que estean sometidas as actuacións.



3. En calquera caso poderá solicitarse a xustificación da documentación establecida no artigo 72 do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia, Decreto 28/99 de 21 de xaneiro, 887/2006, no que fai á “conta xustificativa”
4. En obras que precisen licenza de primeira ocupación, o outorgamento desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.

#### *ARTIGO 23. APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS E CRITERIO DE OUTORGAMENTO*

1. A partir da elaboración do informe de final de obra ou, de ser o caso, desde que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación inicial, a Oficina de Rehabilitación someterá o expediente ao órgano municipal correspondente para que este resolva sobre a aprobación definitiva das axudas.
2. De acordo previo entre as partes o/a beneficiario/a das axudas, poderá autorizar, mediante a tramitación do correspondente endoso e procedemento establecido, a percepción do importe da subvención por parte da empresa adxudicataria das obras.

#### *ARTIGO 24. PAGAMENTO DAS AXUDAS*

As axudas concedidas definitivamente serán aboadas unha vez que certifique o Concello a finalización das obras e que a Xunta –a través da Consellería competente- emita o documento de cualificación definitiva así como se xustifique o libre de débedas de carácter tributario coas administracións implicadas na subvención (Administración local, Facenda da Xunta, Axencia Tributaria e Seguridade Social) e quede garantido fehacientemente o uso e destino da vivenda a que fai referencia o artigo 14 no seu punto 3º.

#### *ARTIGO 25. CAUSAS DE DENEGACIÓN E PERDA DAS AXUDAS*

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

- a) Non reunir as condicións esixidas por esta ordenanza, relativas aos solicitantes ou aos inmóbeis para rehabilitar.
- b) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación nin amparadas por licenza urbanística.
- c) A grave incorrección técnico–construtiva das obras, apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.
- d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade e seguridade a respecto do estado previo do inmóbel.
- e) Iniciar as obras sen autorización da Oficina de Rehabilitación.
- f) Incumprir os prazos sinalados na aprobación inicial ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.
- g) O impedimento ou obstaculización do acceso ás obras aos técnicos da Oficina de Rehabilitación ou os adscritos ao programa por parte do promotor ou do contratista ou da propiedade.
- h) Non manter colocado o cartel da obra facilitado pola Oficina de Rehabilitación.
- i) A non ocupación da vivenda no prazo establecido.

#### *ARTIGO 26. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS*

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se establecen nos artigos 37 e ss. da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
2. Por infracción urbanística: A comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmóbeis obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios/as, no prazo de cinco anos dende a súa aprobación definitiva, determinará a obriga de devolver o importe das

subvencións percibidas cos intereses que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impor.

3. Pola execución de obras de calquera tipo sen contar coa preceptiva licenza, no prazo de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas.

### DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

#### PRIMEIRA. COEFICIENTES PONDERADORES-IPREM

1. A ponderación dos ingresos familiares realizarase segundo establece o R.D. 2066/2008 de 12 de decembro no seu artigo 4. Para a determinación dos ingresos familiares se partira da base impoñíbel xeral e do aforro correspondente á declaración ou declaracións presentadas por cada membro da unidade familiar relativa ó último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da solicitude. A contía resultante converterase en nº de veces o IPREM do conxunto familiar, que deberá ser ponderado mediante a aplicación do coeficiente multiplicador único comprendido entre 0,70 e 1. Para o cálculo do IPREM “Indicador Público de Renda de efectos múltiples” do conxunto da unidade familiar, teranse en conta os seguintes coeficientes de aplicación:

<i>Número de membros da unidade familiar</i>	<i>Coeficiente</i>
1	1,00
2	0,90
3	0,80
4	0,75
5 ou mais	0,70

IPREM solicitante = suma das bases impoñíbel e do aforro dos membros da unidade familiar X nº do coeficiente dos membros unidade familiar.

2. En caso de que o/a solicitante ou algún dos membros da súa unidade familiar teña a condición de discapacitado/a oficialmente recoñecido/a, nos termos establecidos pola lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicarase o coeficiente correspondente ao tramo seguinte ao que correspondería pola súa composición familiar.
3. Non poderá solicitar axudas a Rehabilitación para uso propio a unidade familiar que supere 6,5 veces o IPREM en vigor no momento da solicitude.

#### SEGUNDA. OUTROS CONVENIOS

Mediante convocatorias específicas poderán establecerse liñas de axudas para actuacións de rehabilitación de inmóbeis destinados a usos de interese público, social ou cultural, logo do correspondente convenio que han establecer o Concello e os/as promotores/as das actuacións, no que se determinará en cada caso a contía das subvencións e demais condicións das axudas.

#### TERCEIRA. PROMOCIÓN TUTEADAS

1. O Concello, por sí mesmo ou en convenio con outras institucións e organismos públicos, poderá promover e desenvolver actuacións de rehabilitación destinadas ao aloxamento en aluguer de vivendas e/ou locais en edificios de particulares e institucións mediante cesión de uso e aproveitamento deles, establecido mediante convenio cos/as propietarios/as, co fin de recuperar o investimento realizado no edificio rehabilitado.
2. Para o cálculo do período de cesión do edificio consideraranse a superficie útil cedida, a situación do edificio, o importe das obras nel realizadas e o orzamento total, suma dos gastos orixinados pola actuación, que deberá ser amortizado mediante o aluguer das súas partes.



3. A dispoñibilidade e selección dos inmóbeis serán establecidas mediante convocatoria pública, ao igual que a oferta de aluguer das vivendas ou locais.

#### *CUARTA. AXUDAS A LOCAIS COMERCIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS*

Mediante convocatorias específicas poderanse establecer liñas de axudas para a mellora e actualización dos locais de comercio e outras actividades económicas dentro do ámbito declarado ARI.

#### *QUINTA. CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO*

Con independencia da tramitación prevista nesta ordenanza, compete á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, velar polo efectivo cumprimento da normativa aplicable ás actuacións financiadas no marco dos Plans de Vivenda 2009-2012 e seguintes –respecto das cales o Concello efectúa a tramitación dos expedientes en tanto órgano xestor- outorgando ou, se é o caso, denegando a cualificación provisional e definitiva de cada actuación protexida co financiamento cualificado.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince (15) días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Marín, a 22 de agosto de 2012.—A Alcaldesa-Presidente, María Ramallo Vázquez.

**2012008200**

\* \* \*

## **NIGRÁN**

### **A N U N C I O**

Rematado o período de exposición ao público do expediente de modificación das ordenanzas reguladoras dos prezos públicos das escolas e actividades culturais municipais e das escolas e actividades deportivas e uso de instalacións deportivas municipais, sin formularse ningunha reclamación, cumprindo co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publícanse os textos definitivos das mesmas, que levan incorporadas as modificacións aprobadas.

#### **ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS E ACTIVIDADES CULTURAIS MUNICIPAIS**

Artigo 1—Establécese un prezo público pola prestación de servizos municipais en escolas e actividades culturais.

Artigo 2.—Estarán obrigados ó pago deste prezo público aqueles que participen como alumnos nas escolas e actividades culturais.

Artigo 3.—A obriga de pagar o prezo público nace desde que o alumno se matricule na escola ou se inicie o exercicio da actividade cultural.

A renuncia do interesado unha vez iniciada a actividade non dará dereito á devolución da cantidade ingresada.